



Departamento de Francés
IES Plurilingüe X. Neira Vilas



**IIIº INTERCAMBIO ESCOLAR I.E.S. XOSÉ NEIRA VILAS DE OLEIROS / COLLÈGE
NOTRE DAME LE MENIMUR DE VANNES.-**

O mércores día 6 de abril, 20 alumnos de 2º e 3º da ESO e 1º de Bacharelato saían con destino a Vannes



, capital do departamento do Morbihan,



na Bretaña francesa. Estiveron

acompañados da profesora Dona Isabel López Mariño e de Don J. Carlos Vidal López. Chegouse á cidade de destino, Vannes ao día seguinte de tarde; a profesora Dona Catherine Le Blay estaba á nosa espera, xunto coas familias que ían recibir nas súas casas os alumnos de Oleiros. O día 8, despois de reunirmos no Colexio Notre Dame Le Menimur, comezamos a 1ª das excursións programadas neste caso á capital de Rexión de Bretaña, a

cidade de Rennes,



onde fixemos o percorrido

pola parte antiga da cidade e visitamos o Parlamento bretón. A fin de semana foi para vivir en familia e para

descansar. O día 11 estivemos no centro francés,



onde se asistiu a clase, aula de informática

etc e aproveitaron para traballar sobre o caderno que o Departamento de Francés elaborou para esta actividade.

O día 12 fixemos a 2ª das excursións programadas e visitamos a península de Quiberon,



,Concarneau



e Quimper



O mércores día 13 saímos con dirección a París. Subimos á Torre Eiffel



e a continuación

fixemos un percorrido polo río Sena.



O día 14 aproveitamos para descubrir París nunha visita guiada . Entre outros monumento e lugares que visitamos: Catedral de Nosa Señora, Centro Cultural Georges Pompidou, Museo do Louvre, Ópera de París, as

Galerías Lafayette, Praza da Concordia, Campos Eliseos, Arco de Triunfo.



O alumnado de 1º de Bacharelato visitou o Museo do Louvre



e sobre as 13:30 xuntouse

todo o grupo para almorzar, pola tarde estivemos en Montmartre



e , pola

noite, tivemos tempo para disfrutar do ambiente no Bairro Latino



O día 15 foi o día de lecer. Estivemos no Parque Eurodisney



Pola noite collemos de novo o autobús para chegar o sábado 16 a Oleiros.

Quedounos tan bo sabor de boca que xa estamos a pensar no 4º Intercambio.

Pero a segunda parte do Intercambio aínda non empezou. O alumnado francés estará con nós desde o día 23 ata o día 31 e veñen con moitas actividades para facer.

Queremos destacar, entre todas elas, a nosa “Cea da amizade” á que están convidadas os alumnos franceses e de Oleiros así coma ás familias participantes no intercambio.